

Texto: **ANKE DE VRIES**
 Ilustracións: **WILLEMEN MIN**
 Tradución: **ARIANNE FABER** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartóné. 21,5x25,5 cm.
 32 páxinas. Ilustracións a toda cor
 Dispoñible en:

-Galego: "Grisela". ISBN 978-84-96957-68-8
 -Castelán: "Grisela". ISBN 978-84-96957-69-5
 -Portugués: "Grisela". ISBN 978-989-8205-50-6

Prezo: 14 €

GRISELA

Un día, Grisela atopouse moi triste, tan triste coma o seu pelame gris. «Teño que facer algo», pensou. Colleu un bote de pintura vermella e dixo: -Se me pinto dunha cor alegre, seguro que me poño contenta.

...Probou con todas as cores, pero Grisela non se sentía mellor pintándose de ningún xeito: nin de vermello, nin de verde, nin de amarelo, nin a raias, nin de flores, porque os demais animais facían burla dela. Entón, meteuse na auga...


Un relato sinxelo sobre a importancia de ser un mesmo, que se complementa con imaxes xoguetonas, que resaltan sobre fondos limpos, recurtando as figuras. A composición visual combina a cor con aplicacións de lapis e papel, a modo de collage.

ANKE DE VRIES (Inglaterra, 1936)

Dende que empezou a súa traxectoria como escritora, en 1972, publicou máis de 60 libros infantís, polos que recibiu varios premios. Entre eles, o Lapis de Prata (Premio Nacional de Literatura Holandesa) e unha mención na Lista de Honra do Premio Europeo de Literatura Xuvenil. Viviu en Grecia, Francia e Paquistán, entre outros países.

WILLEMEN MIN (Holanda, 1956)

Estudou na Academia de Artes Gerrit Rietveld de Amsterdam. É profesora da Academia de Artes Visuais de Maastricht e ilustrou numerosos libros infantís para editoriais como Barefoot e Lemniscaat. Foi galardoada pola Bial de Ilustración de Bratislava e recibiu o Pincel de Ouro de Holanda.



- **Temática:** fábula sobre a busca da propia identidade; autoestima
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** mundo en sociedade; animais; cores; emocións; ledicia, tristeza; amizade

